

#### **6.4.- REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DO FONDO DE RECURSOS**

O presente Regulamento establece as normas xerais que deberán observar as asociacións sen ánimo de lucro para a utilización dos materiais adquiridos polo Departamento de Relacións Veciñais para o Fondo de Recursos.

##### **NORMAS XERAIS**

- O Fondo de Recursos está destinado a brindar unha serie de materiais para que as asociacións sen ánimo de lucro de Santiago, debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións, poidan desfrutar deles para a realización das súas actividades, baixo o rexime de empréstimo temporal.
- As asociacións que soliciten materiais do Fondo de Recursos deberán facelo mediante escrito dirixido ao Departamento de Relacións Veciñais como mínimo con tres días de antelación á realización da actividade. No caso de concorrencia de solicitudes para a utilización dun mesmo material, estas serán atendidas por rigorosa orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello.
- A solicitude, segundo modelo oficial, deberá ser asinada polo presidente/a, vicepresidente/a ou secretario/a da Xunta Directiva da asociación que o solicitar, e nela deberán constar obrigatoriamente: a actividade en que van ser utilizados os materiais, o lugar e a data de celebración, así como o compromiso da súa correcta utilización.
- Correrán por conta da asociación solicitante os gastos derivados do transporte do material, da súa manipulación especializada –se así fose requerido polas características específicas do material solicitado-, e, se for o caso, da súa reparación ou substitución, así como de outras responsabilidades que se puidesen derivar da súa inadecuada ou incorrecta utilización.
- O Departamento de Relacións Veciñais comunicará a data, lugar e hora de recollida do material solicitado e da súa devolución ao lugar de orixe.
- Os materiais emprestados deberán ser devoltos ao día seguinte da finalización da actividade.
- O incumprimento destas normas traerá consigo a suspensión do dereito á utilización do Fondo de Recursos por parte da AVV solicitante.
- A concesión de utilización de materiais do Fondo de Recursos non presupón en ningún caso a concesión de outro tipo de permisos municipais preceptivos para a realización de actividades.
- Periodicamente, o Departamento de Relacións Veciñais remitirá ás asociacións o listado de materiais disponibles no Fondo de Recursos así como, se for o caso, as normas específicas de utilización dos recursos.